5626202268 000546	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F, MEZCLA BITUMINOSA EN	653,64
5626202268 000582	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F	291,90
5626202268 000610	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRÍO SILICEA F, MEZCLA BITUMINOSA EN	444,11
5626202268 000636	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	C65B3 TRG	1.849,85
F004399	PROINDEX, S. L.	SCOTT XL SLIMROLL PAQ.6 REF.6697 paquete, GEL EN ESPUMA US	1.213,24
22FNX01136 38	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	TAD Diputación de Pontevedra - Servicio de Teleasistencia	265,31
22FNX0148 481	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	TAD Diputación de Pontevedra - Servicio de Teleasistencia	262,74
B/6.485	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	SUMINISTROS PARA REPARACIÓNS	234,20
B/6.928	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	MATERIAIS MANTEMENTO	88,70

Concello de Silleda

A2022/A/222 06055	REDES DE TELECOM. GALEGAS RETEGAL, S. A.	60 Servizos RESGAL abril, maio e xuño 202	291,09
SV00101200 005144	SÁNCHEZ VARELA, JUAN JOSÉ	MEDALLAS PATINAXE E ENTROIDO DE VERÁN	264,00
FA22000360	SANIOR GALICIA, S. L.	Alquiler de 4 sanitarios portátiles para Evento Música Tr	605,00
462	SILVA GONZÁLEZ, JAIME	PORTA PARA A BIBLIOTECA	1.359,53
4003453334	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta Certificada Jd GE 0 - 50 gr D1(GRANDES CIUDADES) G-	175,38
2022/1727	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	Tratamento RU Mes Xuño 2022,Bonificación	17.496,74
2022/2051	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	Tratamento RU Mes Xullo 2022,Bonificación	16.418,63
22/1061A	SOLAREL, S. L.	SERVIZO CAMIÓN GRUA	296,45
22B/000011 6	SOLAREL, S. L.	MATERIAL ELECTRICIDADE	1.367,66
F06000R- 38359	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S- A- U-	LAMP.SODIO-AP SON PLUS 70W OVOIDE C/IGNITOR,LAMP.SODIO-AP	274,13
1298	SOTO ROZADOS, JOSÉ ANTONIO	ALUGUER XENERADOR FESTAS SILLEDAS	169,40
A/3569	SUCESORES COUTO, S. L.	MATERIAL OBRAS	19,00
14/22	SUSANA DOMÍNGUEZ CERDEIRAS	FESTUR DEGUSTACIÓN FESTA DOS CALLOS	119,62
363C	TABOADA BLANCO, ALBERTO	MATERIAL SERVIZO DE AUGA	1.324,18
431C	TABOADA BLANCO, ALBERTO	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	510,20
35.2022	TABOADA COEGO, LUIS MANUEL	REPARACIÓNS ALUMEADO PÚBLICO	482,79
120	TALLER OTERO, S. C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	772,85
111	TALLER OTERO, S. C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	870,74
C2200624	TOCA SALGADO, S. L.	11/07/22 CAMBIO CISTERNA 12 M3,LODOS DEPURADORA URBANA,15	2.461,07
2022/10	TRASDEZA ORIENTAL, S. L.	XERRAS DEGUSTACIÓN FESTUR	18,00
2022/9	TRASDEZA ORIENTAL, S. L.	PARAUGAS PARA ALCALDÍA	34,96
2022/7	TRASDEZA ORIENTAL, S. L.	PREMIO SILLEDAS FAI NADAL	26,90
2022/6	TRASDEZA ORIENTAL, S. L.	PREMIO SILLEDAS FAI NADAL	48,10

2022/8	TRASDEZA ORIENTAL, S. L.	PREMIO SILLEDA FAI NADAL	44,55
2221032774	UNIPREX, S. A. U.	EMISORA:SANTIAGO DE COMPOSTELA OCR; REF.EXTERNA:;ORDEN:17	150,04
2221032773	UNIPREX, S. A. U.	EMISORA:LALIN OCR; REF.EXTERNA:;ORDEN:1759004542;ANUNCIAN	168,19
08000005	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS SERVIZOS SOCIAIS	172,65
08000006	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS SLE	30,80
08000004	VEGO SUPERMERCADOS, S. A. U.	SUMINISTROS SERVIZOS SOCIAIS	319,49
2231	XESTIÓN, CULTURA E LECER, S. L.	Obradoiros Romería da Rapazada 2022	1.870,00
2233	XESTIÓN, CULTURA E LECER, S. L.	Actividades infantís Festas de Silleda	913,00
TOTAL			173.612,48

Expediente 1214/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais

Vista a emerxencia humanitaria que se está vivindo por mor do conflito bélico da Ucraína.

Visto que hai familias que se están asentando no Concello de Silleda, realizando os trámites oportunos de acordo á súa condición de persoas refuxiadas.

Visto o establecido na normativa vixente respecto da documentación a tramitar para con estas familias.

Visto o informe da educadora social, con data 5 de agosto, no que se indica o necesario traslado ás dependencias policiais de Pontevedra para tramitación de documentación de varias persoas.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, adopta por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do servizo de traslado de Silleda a Pontevedra no EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández), ás seguintes persoas:

- I.M e os seus fillos menores V. M. e V.M.

Segundo.- Aprobar a factura 31/22 por importe de 140,05 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a EUROTAXI SILLEDA 7 PLAZAS (Santiago López Fernández) polo concepto da cuantía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1749/2021. Subvencións Directas ou Nominativas

Visto, que con data 09 de xuño de 2022, a Sra. Xisela Cerviño Olveira, con DNI ***0156**, con domicilio a efectos de notificación na rúa San Francisco 2, 1°C- 36630 Cambados, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto que con data 10 de xuño de 2022, a Sra. M^a Dolores Hermida Hermida, con DNI ***8459**, con domicilio a efectos de notificación en rúa María Colmeiro 8, 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto, que con data 28 de xuño de 2022, a Sra. Liliana Marlene Melgarejo Aldana, con DNI ***4333**, con domicilio a efectos de notificación na Trav. Vázquez 2, Bx- 36590 Vila de Cruces, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto, que con data 4 de agosto de 2022, a Sra. Ana Belén Costoya Filloy, con DNI ***2809**, con domicilio a efectos de notificación en Barrio do Campo 7 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto, que con data 18 de agosto de 2022, a Sr. Alfonso Vázquez Trabazo con DNI ***1320**, con domicilio a efectos de notificación rúa Trasdeza, 61 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto que, achegan a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases as persoas solicitantes obteñen as seguintes puntuacións:

- Xisela Cerviño Olveira, por apertura de local, alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e contratación de persoal (muller): 2.400€

- M^a Dolores Hermida Hermida, por apertura de local, alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e parada de longa duración: 1.800€

- Liliana Marlene Melgarejo Aldana, por apertura de local, alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos : 1.500€

- Ana Belén Costoya Filloy, por alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos: 900€

- Alfonso Vázquez Trabazo, por alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e apertura de local: 1.500€

Vista a validación da intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1º Conceder á Sra. Xisela Cerviño Olveira, por apertura de local, alta Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e contratación de persoal (muller) a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 2.400€.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4^a.

2º Conceder á Sra. M^a Dolores Hermida Hermida, por apertura de local, alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e parada de longa duración a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 1.800€

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4^a.

3º Conceder á Sra. Liliana Marlene Melgarejo Aldana, por apertura de local, alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 1.500€

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4^a.

4º Conceder á Sra. Ana Belén Costoya Filloy, por alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación

obtida recoñéceselle un importe de 900€.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

5º Conceder ao Sr. Alfonso Vázquez Trabazo, por alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos e apertura de local a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 1.500€

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade.

Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de outubro de 2021 ata 30 de novembro de 2022.

Expediente 1233/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais

Visto o informe da educadora social, con data 11 de agosto 2022, no que se indica a necesidade de sufragar os custes derivados do traslado dun menor para poder participar nunha actividade deportiva.

Vistas as Bases das Axudas de Emerxencia Social para este ano 2022.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do traslado do menor en taxi.

Segundo.- Aprobar a factura 14/2 de Jesús Colmeiro Araújo por importe de 40,80 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a JESÚS COLMEIRO ARAÚJO polo concepto da cuantía indicada.

Cuarto.- Comunicar á persoas interesada a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1069/2022. Apronbación expediente de Contratación da obra Camiño en Piñeiro

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1069/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 01 de setembro de 2022.

Expediente 1069/2022. Apronbación expediente de Contratación da obra Camiño en Piñeiro

Visto que o 10 de xuño de 2022 concedeuse a este Concello pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) unha axuda de 94.931,98 euros para a acometida da obra "Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda".

Visto o orzamento base de licitación (IVE excluído) deste contrato ascende a 94.931,98 €, ao que hai que engadir un IVE de 19.935,72 €, o que totaliza o importe deste contrato en 114.867,70 €.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de xullo de 2022 acordouse iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras "Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda".

Visto que no expediente consta a seguinte documentación:

- Acta de Trazado Previo.
- Informe de non división en lotes
- Certificado de existencia de crédito
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares
- Informe xurídico dos Pregos

- Informe de fiscalización de Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMERIO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra “Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda”

SEGUNDO.- Autorizar, pola contía de 114,867,70 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2022.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de obra “Mellora de camiño municipal en Piñeiro-Silleda” por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

Expediente 1068/2022. Aprobacion expediente de contratación alumeado campos de futbol

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1068/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 01 de setembro de 2022.

Expediente 1068/2022. Aprobacion expediente de contratación alumeado campos de

futbol

Visto que ao abeiro da ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D), dentro da liña de subvencións de natureza non competitiva concedeuse a este Concello unha subvención por importe total de 28.708,22 euros para o proxecto “Renovación do alumeadado a LED nos campos de futbol Outeiriño e A Gandareira” que ten como orzamento total 71.982,55 euros (IVE engadido)

Visto o orzamento base de licitación (IVE excluído) deste contrato ascende a 59.489,71 €, ao que hai que engadir un IVE de 12.492,84 €, o que totaliza o importe deste contrato en 71.982,55 €.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 21 de xullo de 2022 acordouse iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras “Renovación do alumeadado a LED nos campos de futbol Outeiriño e A Gandareira”.

Visto que no expediente consta a seguinte documentación:

- Acta de Trazado Previo.
- Informe de non división en lotes
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares
- Informe xurídico dos Pregos
- Informe de fiscalización de Intervención.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

PRIMERO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para contratar a obra “Renovación do alumeadado a LED nos campos de futbol Outeiriño e A Gandareira”

SEGUNDO.- Autorizar, pola contía de 71.982,55 Euros (IVE engadido), o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo ás aplicacións previstas no estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2022.

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de obra “Renovación do alumeadado a LED nos campos de futbol Outeiriño e A Gandareira” por procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación e os pregos de contratación no Perfil de Contratante do Concello de Silleda, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.

QUINTO.- Publicar a composición da mesa de contratación no Perfil de Contratante, cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrarse para a cualificación da documentación referida no artigo 140 da Lei de Contratos do Sector Público.

Expediente 841/2022. Adxudicación rehabilitación Cortegada

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 841/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 01 de setembro de 2022.

Expediente 841/2022. Adxudicación rehabilitación Cortegada

Visto o expediente de contratación da obra "REHABILITACIÓN DE CUBIERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE:. POLÍGONO 501, PARCELA 363. -CORTEGADA-. CONCELLO DE SILLEDA"

Vista a tramitación seguida durante a súa licitación e a a reunión da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 10 de agosto de 2022 na que se propón a clasificación de ofertas e a consecuente proposición de Adxudicación

Visto que a Mesa de Contratación eleva a súa proposta de adxudicación a favor da empresa licitadora COVIASSTEC SL (B32240210), polo prezo de 48.944,60 euros, que se desagrega en 44.495,09 euros correspondente ao importe do contrato sen impostos e 4.449,50 euros en concepto de IVE.

Visto que, a través do rexistro municipal na data 23 de agosto de 2022 (REN nº 1036), presenta escrito de renuncia a adxudicación da contratación

Vista a nova proposta de adxudicación feita na data 23 de agosto de 2022 a favor do seguinte

licitador mellor clasificado como adxudicatario da obra para que presente a documentación correspondente, sendo dito licitador CELSO NOVO (52484359V), que presentou a seguinte oferta: 49.720,00 € (IVE engadido).

Visto que, a través do rexistro municipal na data 30 de agosto de 2022, presenta correctamente a documentación solicitada, así como o xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva polo 5 % do importe da adxudicación, emitíndose por Tesourería certificado na mesma data

Vista a competencia da Xunta de Goberno delegada por esta Alcaldía, órgano orixinariamente competente segundo o sinalado na DA 2ª da LCS e, artigo 21.1 da Lei 7/85, por unanimidade ACORDA:

1º.- Adxudicar o contrato de obra “REHABILITACIÓN DE CUBIERTA EN EDIFICACIÓN EXISTENTE: POLÍGONO 501, PARCELA 363. -CORTEGADA-. CONCELLO DE SILLEDA” ao licitador CELSO NOVO (52484359V), que presentou a seguinte oferta: 49.720,00 € (IVE engadido) ao resultar a oferta máis vantaxosa de acordo coa baremación obtida pola aplicación dos criterios de valoración establecidos no PCAP, tras a renuncia da primeira adxudicataria COVIASSTEC SL.

2º.- Designar como director da obra a Lino M. Doporto Framil, Asesor técnico municipal.

3º.- Proceder a publicar o correspondente anuncio de adxudicación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público

4º.- Formalizar o contrato no prazo máis breve posible, e, en todo caso, no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende a notificación da adxudicación, debendo ser publicado posteriormente anuncio de formalización no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público dentro dos quince días hábiles seguintes.

5º.- Notificar o presente Acordo ao adxudicatario, aos outros licitadores e ao director da obra.

Expediente 1315/2022. Festivos Locais 2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1315/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 01 de setembro de 2022.

Expediente 1315/2022. Festivos Locais 2023

De conformidade co regulado no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, os artigos 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e o artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo/a delegado/a da Consellería de Traballo en cada unha das provincias da comunidade autónoma, por proposta do Pleno dos respectivos concellos,

Vista en consecuencia a necesidade de remitir á devandita Consellería á maior brevidade a proposta de festivos locais para o ano 2023.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade procede á adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Fixar como festivos locais para o ano 2023 os seguintes:

- 07 de xullo de 2023 - (Con motivo da Festa do Lacón, venres)
- 21 de Agosto de 2023 - (Con motivo da Festa da Empanada de Bandeira, luns posterior).

SEGUNDO.- Ratificar este acordó polo Pleno na vindeira sesión a celebrar.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE